

EXTRACTO da Resolución do 10 de abril de 2024 pola que se modifica a Resolución do 18 de xaneiro de 2024, conxunta da Axencia Galega de Innovación e do Instituto Galego de Promoción Económica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas destinadas a apoiar as misións de especialización intelixente de Galicia, no marco da Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN856C).

BDNS (Identif.): 741789

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Modificación do prazo de presentacións de solicitudes

Modifícase o artigo 5 no referente ao prazo de presentación de solicitudes, que pasa de 60 a 90 días naturais.

Segundo. Modificación do artigo 7 no relativo á intensidade das axudas

As axudas concederanse en forma de subvencións. A contía máxima da axuda que pode ser concedida aos proxectos seleccionados determinarase sobre o investimento subvencionable de cada beneficiario e será conforme os límites de intensidade previstos nos artigos 14, 25, 28 e 29 do Regulamento UE núm. 651/2014 (RGEC) e de acordo coa seguinte táboa:

Categoría predominante do proxecto	Pequena empresa	Mediana empresa	Grande empresa
Investigación industrial con colaboración efectiva entre empresa/s ou entre empresas e un ou varios organismos de investigación e difusión de coñecemento, asumindo estes, como mínimo, o 10 % dos custos subvencionables e tendo o organismo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación	60%	60%	60%
Desenvolvemento experimental con colaboración efectiva entre empresa/s ou entre empresas e un ou varios organismos de investigación e difusión de coñecemento, asumindo estes, como mínimo, o 10 % dos custos subvencionables e tendo o organismo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación	60%	50%	40%
Innovación organizativa ou en procesos	50%	50%	15%
Innovación en produto	50%	50%	-

A contía máxima da axuda que pode ser concedida aos proxectos de investimento produtivo para pemes será conforme os seguintes límites de intensidade:

	Pequena empresa	Mediana empresa
Investimento produtivo para pemes	35%	25%

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

Patricia Argerey Vilar

Directora da Axencia Galega de Innovación

Covadonga Toca Carús

Directora do Instituto Galego de Promoción Económica